



CONCELLO DE REDONDELA

ANUNCIO NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS E NA PÁXINA WEB DO CONCELLO

Por Resolución do alcalde, con data de 13/03/2019, aprobouse a relación de aspirantes admitidos no proceso de selección de 2 traballadores/as sociais dentro do Plan de Obras e servizos (Plan Concellos 2019-Liña 3) da Deputación de Pontevedra, na cal se establece o seguinte:

“RESOLUCIÓN

A Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello de Redondela unha subvención de 271.413,88 euros para levar a cabo o Plan Concellos 2019- Liña 3: Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais, para a contratación laboral de 23 traballadores, a tempo completo, durante 5 meses, sen que a subvencionabilidade dos contratos poida exceder o 31/12/2019.

A dita subvención concédese ao abeiro das Bases reguladoras do Plan Concellos 2019 (liñas 2 e 3) (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm. 242, do 18/12/2018), que se establecen con carácter complementario ás do Plan de obras e Servizos (Plan de Concellos) 2018-2019 da Deputación de Pontevedra, (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm. 2, do 03/01/2018 e extracto da convocatoria no BOPPO núm. 3, do 04/01/2018), para impulsar, no ámbito municipal, a oferta de emprego considerada un eixe prioritario para acadar a cohesión social no territorio provincial e para regular o procedemento de concesión e xustificación das subvencións destinadas á promoción do emprego.

O Sr. Alcalde ditou a resolución núm.: 2019-0531, con data de 25/02/2019, pola que se aprobaba as bases que rexerán a contratación de 23 traballadores/as (2 TRABALLADORES/AS SOCIAIS; 5 GUÍAS TURÍSTICOS/AS; 4 AXUDANTES DE SERVIZOS EN PAVILLÓNS; 2 AXUDANTES DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓNS DE ELECTRICIDADE; 4 VARREDORES/AS; 6 PEÓNS DESBROZADORES), cun contrato de traballo de duración determinada, de interese social, a tempo completo, dentro do Plan Concellos 2019- Liña 3: Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais.

Os/as candidatos/as remitidos polo Servizo Público de Emprego para o proceso de selección de 2 traballadores/as sociais constituirán o listado de admitidos ao proceso selectivo, a tal efecto faise pública a relación de aspirantes remitidos polo Servizo



CONCELLO DE REDONDELA

Público de Emprego sen prexuízo da necesaria formalización da instancia de participación que contén a declaración responsable de cumprimento dos requisitos da convocatoria:

- 1.- Barrio de la Riva, Mireya.
- 2.- Campelos Míguez, Irene
- 3.- Fernández Martínez, Silvia.
- 4.- Filgueira Piñeiro, Iago.
- 5.- Vallejo Fernández, Marta. Non presenta instancia
- 6.- Veiga Pérez, María Elena

De conformidade coas bases e visto o anterior, é polo que,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Designar o tribunal cualificador que estará integrado polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: Alejandra Fernández Conde

Suplente: Patricia Carrera Soto.

Vogais:

Titular: M.^a del Carmen López Duarte

Suplente: Natalia Pazos Rodríguez

Secretario:

Titular: Xosé Ramón Mato Lodeiro

Suplente: Sandra Alonso Plata.

SEGUNDO: O tribunal constituirase e fixará os criterios de valoración na seguinte data:

DÍA: 14/03/2019

HORA: 09.30

LUGAR: Na Casa do Concello

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE